

Normas para autores que escriban en idioma galego.

Revisións e editado de publicacións

Professional Plant Protection –de aquí en diante PPP– é unha revista con revisión de artigos. A totalidade dos manuscritos recibidos para a publicación serán revisados polo equipo editorial coa finalidade de comprobar que estes cumpren co ideario da revista así como coas normas de edición.

Logo de analizar o manuscrito remitido este pode devolverse ao seu autor para realizar as correccións pertinentes indicadas polo equipo editorial. Unha vez rectificadas e corrixido o manuscrito será reenviado ao equipo editorial para unha nova revisión. Unha vez que este sexa aceptado para publicación, pasará por un proceso de maquetado e edición. Este proceso xerará novos requirimentos de corrección de estilo, gramática, etc. que serán reenviados ao autor para a súa corrección. Cando o maquetado finalice o artigo publicarase.

Remisión de manuscritos

Os autores deberán enviar manuscritos á oficina editorial por correo electrónico ou por we-transfer. O enderezo de correo electrónico é o seguinte:

andresares@mun-do-r.com

A persoa de contacto á que se deberá enviar os artigos é a seguinte: J.L. Andrés Ares

Manuscritos revisados

Os autores deberán responder ás correccións suxeridas polo equipo de redacción por correo electrónico por medio dunha carta dando contestación a cada unha das cuestións formuladas polo equipo de revisión. O manuscrito revisado reterá a súa data orixinal de recepción se é recibido dentro do prazo de 3 meses dende a data de envío ao autor.

Preparación do documento

O manuscrito completo deberá ser enviado por correo electrónico incluíndo táboas, figuras e anexos, en formato Word nun único arquivo. Recoméndase o uso dos formatos .doc en lugar dos .docx, para evitar problemas de incompatibilidade. Unha vez aprobado o artigo solicitaranse arquivos individuais das figuras.

Formato do Manuscrito

Os documentos empregarán a fonte Times New Roman 12 ou California FB 12, cun espazado de 1,5. As catro marxes serán de 2,5 cm. Os titulares de cada sección deberán escribirse a 14 en negriña. Todas as páxinas deberán ser numeradas de forma consecutiva, imprimindo cada un dos números en cada páxina. Cada parágrafo deberá comezar cun sangrado de 1 cm. As táboas, figuras e anexos deberán incluírse en páxinas separadas (incluídas no mesmo documento de Word) unha por páxina, seguindo a sección de Referencias.

Linguaxe: os manuscritos deberán escribirse en idioma galego, conciso, lexible e será revisado polos autores e/ou editores.

Fotografías: o equipo editorial da revista considera este material fundamental. Deberán remitirse en formato dixital (cunha resolución igual ou superior aos 300 ppp) e inseridas no texto. Os orixinais deberán ser enviados á parte en formato JPG.

Artigos de Investigación: non deben ocupar máis de 30 páxinas (ou 8500 palabras), incluíndo táboas e figuras. Deberán incluír unha páxina frontal, un resumo, ata 7 palabras clave e as abreviaturas empregadas. O texto principal deberá incluír as seguintes seccións: introdución, materiais e métodos, resultados, discusión, agradecementos, referencias, táboas, figuras e material suplementario se existise.

Artigos Científico-Técnicos: a revista está aberta á publicación de traballos que expoñan experiencias non deseñadas nin avaliadas estritamente polo medio dun deseño estatístico preconcebido. Este tipo de traballo denominarase Científico-Técnico. Estes non deben ocupar máis de 30 páxinas (ou 8500 palabras), incluíndo táboas e figuras. Deberán incluír unha páxina frontal, un resumo, ata 7 palabras clave e as abreviaturas empregadas. O texto principal deberá incluír as seguintes seccións:

introdución, materiais e métodos, resultados, discusión, agradecementos, referencias, táboas e figuras e material suplementario se existise. O apartado de resultados poderá agruparse co de discusión nun epígrafe denominado "Resultados e Discusión" a conveniencia dos autores.

Comunicacións curtas: non deben ocupar máis de 10 páxinas (ou 3500 palabras), incluíndo táboas e figuras. Deberán incluír unha páxina frontal, un resumo, ata 7 palabras clave, abreviaturas empregadas, un texto principal non dividido en seccións, agradecementos, referencias, un máximo de 3 táboas ou figuras e material suplementario se existe.

Artigos de Revisión Científica: non dispoñen de limitación nin de páxinas nin de número de referencias. Deberán incluír unha páxina frontal, un resumo, ata 7 palabras clave, abreviaturas empregadas, un texto principal, agradecementos, referencias, táboas e 3 figuras así como material suplementario no caso de que existise. Tamén pasarán por un proceso de revisión con anterioridade á súa publicación.

Artigos de Revisión Técnica: non dispoñen de limitación nin de páxinas nin de número de referencias. Deberán incluír unha páxina frontal, un resumo, ata 7 palabras clave, abreviaturas empregadas, un texto principal, agradecementos, táboas e figuras así como material suplementario, caso de que existise. Tamén pasarán por un proceso de revisión con anterioridade á súa publicación.

Resumo, palabras clave e abreviaturas

Resumo: o resumo deberá ter un tamaño máximo de 250 palabras. O estilo deberá ser conciso e non deberá incluír ningún tipo de referencias.

Palabras clave adicionais: deberá incluír un máximo de 7 palabras clave. Non conterán ningunha das palabras incluídas no título do artigo.

Abreviaturas: incluírán unha lista de abreviaturas non estándar empregadas no artigo así como o seu significado.

Estrutura recomendada para o texto dun artigo de investigación.

O equipo editorial recomenda que os artigos de investigación dispoñan da seguinte estrutura:

Introdución: a introdución debería conter suficiente información de fondo sobre o traballo que permita ao lector situarse no contexto da investigación que se describe, así como comprender a relevancia, obxectivos propostos e avaliación dos resultados.

Materiais e métodos: deberase de aportar suficiente información para poder repetir as experiencias. Para métodos de rutina é suficiente cunha breve descrición acompañada polas referencias bibliográficas.

Resultados: polo xeral esta sección non incluír referencias bibliográficas, tan só describirá os resultados dos experimentos e traballos formulados. A interpretación dos datos debería incluírse no apartado específico de Discusión. As explicacións detalladas nos pés das figuras e táboas non deberían repetirse no texto.

Discusión: esta sección non debe limitarse exclusivamente a describir os resultados dos experimentos e as súas conclusións. Pola contra, debería relacionar os resultados cos obtidos noutras publicacións científicas. Pode describir opinións enfrontadas así como resultados doutros autores indicando o valor dos devanditos resultados para futuros traballos.

Agradecementos: cando se considere necesario, poderanse incluír agradecementos a persoas, centros ou corpos que colaborasen ou apoiasen o traballo.

Referencias bibliográficas: cando se citan referencias bibliográficas no texto o apelido do autor incluírase entre parénteses, seguido dunha coma e o ano de publicación; se existen dous autores, os seus apelidos deberán estar unidos pola expresión "&"; se existen tres ou máis autores deberase incluír o apelido do primeiro autor seguido pola expresión "et al." seguida dunha coma; cando se inclúen varias referencias deberán ordenarse da máis antiga á mais recente; se son do mesmo ano deberán ordenarse alfabeticamente. Se hai dous autores co mesmo apelido e ano de publicación incluírase a inicial. A lista de referencias deberá ordenarse de forma alfabética polo apelido do autor. No caso de existir varias referencias dun mesmo autor presentaranse primeiro os traballos nos que o autor figure só, seguido polos que figuren dous autores e despois os que aparecen tres ou máis autores, respectando a orde cronolóxica en cada caso. No caso de que se publique máis de un artigo o mesmo ano deberase engadir unha letra despois do ano para identificar a referencia. Os traballos nos que participan numerosos autores incluírán os dez primeiros seguidos pola expresión "et al.". Deberanse empregar os nomes das revistas periódicas abreviadas.

Táboas e Figuras: as táboas e figuras citarase consecutivamente no texto, numeradas independentemente con números arábigos. As táboas estarán encabezadas por un número e un título. As notas explicativas das táboas incluíranse ao pé de cada unha. As táboas terán celas perfectamente definidas non debendo estar creadas con tabuladores. As figuras poderán corresponderse con diagramas ou con fotografías. O número da figura e a súa lenda presentarase no pé.

Corrección de probas

As páxinas de proba serán enviadas aos autores en arquivos PDF. As probas corrixidas serán remitidas ao Equipo Editorial nun período de tempo non superior a dúas semanas por correo electrónico. A lectura e revisión das probas xerará solicitudes adicionais aos autores. Se as correccións non se reciben a tempo, os editores resérvanse o dereito a realizar as correccións que estimen oportunas.

O Equipo Editorial